



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

XI lexislatura  
Número 249  
30 de decembro de 2021



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVICIOS

#### Aprobación sen modificacións

##### I 674 (11/PNC-000029)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e trece deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para continuar coa aplicación do programa Rexurbe realizando novas convocatorias públicas de adquisición de inmobles e declarando novas áreas Rexurbe a través da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

[95774](#)

#### Aprobación por unanimidade sen modificacións

##### I 24747 (11/PNC-002309)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e doce deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que leve a cabo as obras nas infraestruturas comprometidas no sur da provincia de Lugo e o oriente da de Ourense, nomeadamente os carrís de adiantamento na N-120 e a activación da A-76

[95774](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### I 25461 (11/PNC-002393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dunha estratexia de conservación, mellora e posta en valor do bosque autóctono

[95772](#)



## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

#### 2.2.6. Composición da Mesa das comisións

##### COMISIÓN DO ESTATUTO DOS DEPUTADOS

■ Elección de presidente

[95775](#)

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.5. Axudas, bolsas e premios

■ Resolución do letrado oficial maior, do 29 de decembro de 2021, pola que se incrementa unha bolsa de formación en xestión parlamentaria, por vacante dunha das dúas bolsas en arquivo, biblioteca e documentación

[95776](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 29 de decembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

#### Aprobación sen modificacións

- 674 (11/PNC-000029)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e trece deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para continuar coa aplicación do programa Rexurbe realizando novas convocatorias públicas de adquisición de inmobles e declarando novas áreas Rexurbe a través da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia

BOPG nº 9, do 02.09.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar coa aplicación do programa Rexurbe realizando novas convocatorias públicas de adquisición de inmobles e declarando novas áreas Rexurbe a través da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.»

#### Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 24747 (11/PNC-002309)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e doce deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que leve a cabo as obras nas infraestruturas comprometidas no sur da provincia de Lugo e o oriente da de Ourense, nomeadamente os carrís de adiantamento na N-120 e a activación da A-76

BOPG nº 228, do 17.11.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse o Goberno de España para que leve a cabo as obras nas infraestruturas comprometidas no sur da provincia de Lugo e oriente da de Ourense, nomeadamente os carrís de adiantamento na N-120 e a activación da A-76.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 25461 (11/PNC-002393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dunha estratexia de conservación, mellora e posta en valor do bosque autóctono

BOPG nº 236, do 01.12.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.6. Composición da Mesa das comisións**

#### **COMISIÓN DO ESTATUTO DOS DEPUTADOS**

#### **Elección de presidente**

A Comisión do Estatuto dos Deputados, na súa sesión do 23 de decembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

- (11/CEEM-000033)

Comisión do Estatuto dos Deputados

Elección de presidente da Comisión do Estatuto dos Deputados

D. José Alberto Pazos Couñago

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.5. Axudas, bolsas e premios

##### **Resolución do letrado oficial maior, do 29 de decembro de 2021, pola que se incrementa unha bolsa de formación en xestión parlamentaria, por vacante dunha das dúas bolsas en arquivo, biblioteca e documentación**

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 27 de setembro de 2021 (BOPG 208, do 1 de outubro, e DOG 195, do 8 de outubro) aprobáronse as bases da convocatoria para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia.

Conforme o disposto na cláusula primeira das anteditas bases, o obxecto da convocatoria é a concesión de nove bolsas individuais, das cales dúas corresponden á modalidade de formación en arquivo, biblioteca e documentación.

A resolución do letrado oficial maior do 20 de decembro de 2021 establece a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas neste procedemento de concesión de bolsas, na que se reflicte que na modalidade de formación en arquivo, biblioteca e documentación se admite unha única solicitude, polo que quedará vacante unha das dúas bolsas ofertadas.

Na cláusula décimo cuarta, apartado 4, das bases da convocatoria establécese que as vacantes que puideren existir nalgún tipo de bolsa poderán dar lugar, a criterio da Administración parlamentaria, a un incremento do número de bolsas nas modalidades que rexistren maior número de solicitudes, sen que poida superarse o número total de nove bolsas, recollendo que a súa cobertura, se for o caso, se efectuará seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva.

O número de solicitudes admitidas (de maior a menor) por cada unha das modalidades establecidas é a seguinte:

- 1) formación en comunicación institucional (2 bolsas): 19
- 2) formación en xestión parlamentaria (1 bolsa): 17
- 3) formación en publicacións (2 bolsas): 11
- 4) formación en recursos humanos e contratación (1 bolsa): 11
- 5) formación adicional reservada para persoas con discapacidade (1 bolsa): 8
- 6) formación en arquivo, biblioteca e documentación (2 bolsas previstas): 1

A bolsa de formación en comunicación institucional, que é a modalidade que máis aspirantes ten, establece dúas bolsas. A segunda modalidade de bolsas que máis solicitudes ten é a de xestión parlamentaria, coa oferta dunha soa bolsa, valorándose máis apropiado incrementar esta a dúas bolsas.

A Comisión de Valoración dos expedientes, constituída o 21 de decembro de 2021, á vista da vacante dunha das bolsas de arquivo, biblioteca e documentación, e tendo en consideración o número de solicitudes admitidas nas outras modalidades, proponlle á Administración parlamentaria dotar dunha bolsa máis a modalidade de xestión parlamentaria.



Por todo isto, ao abeiro do establecido na cláusula décimo cuarta, apartado 4, das bases da convocatoria, RESOLVO:


1. Incorporar a bolsa de formación vacante na modalidade de arquivo, biblioteca e documentación á modalidade de xestión parlamentaria.
2. Comunicar este acordo ao Servizo de Asistencia Parlamentaria, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior, a Intervención e Asuntos Económicos, e publicalo no BOPG e na páxina web Institucional.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

